



Esta proba cualificarse de 0 a 10 puntos, sendo preciso obter un mínimo de cinco puntos para superalo.

SEGUNDO EXERCICIO.—PROBA TEÓRICA DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, elixido por sorteo de entre dous propostos polo tribunal, de vinte preguntas relativas ó temario que figura como Anexo I a esta bases, no tempo de realización que acorde o Tribunal.

Esta proba cualificase de 0 a 10 puntos e será necesario obter un mínimo de cinco puntos para a súa superación.

Terceiro exercicio.—Proba de coñecemento da lingua galega, obrigatorio e non eliminatorio.

O Tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos aspirantes, mediante unha proba escrita consistente nun cuestionario tipo test, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Esta exercicio, que non terá carácter eliminatorio, cualificarse de 0 a 5 puntos

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten posuir, no día de finalización do prazo de presentación de instancias, o Certificado de Lingua Galega 3 (Celga 3) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Os aspirantes, que en calquera momento poderán ser requeridos para acreditar a súa identidade, deberán presentarse as probas provistos do documentos acreditativos da mesma, así coma dos medios materiais adecuados para a práctica das mesmas.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamados suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados polo Tribunal.

A cualificación da fase de oposición virá dada pola suma da puntuación obtida nos tres exercicios da fase de oposición.

A puntuación da fase de concurso virá dada pola suma das puntuacións obtidas nos apartados A, B e C.

A CUALIFICACIÓN FINAL virá dada pola suma das cualificacións obtidas na fase oposición de aqueles aspirantes que teñan superado a mesma e a obtida na fase de concurso. No caso de empate na cualificación final entre dous ou más aspirantes o mesmo será resolto acudindo a puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición ate a resolución do mesmo. En caso de persistir o empate, este se resolverá por sorteo realizado en presencia dos interesados.

A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo na bolsa de emprego determinarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na de oposición. No caso de que fose preciso o nomeamento interino de funcionarios na categoría de oficial fontaneiro, chamarase aso componentes da bolsa pola súa orde na mesma. O chamamento efectuarase telefonicamente.

No suposto de nomeamento como funcionario interino dalgún dos integrantes da bolsa de emprego de oficial fontaneiro, as retribucións básicas serán as correspondentes as dos funcionarios do Grupo C subgrupo C2 e as complementarias as que teña asignadas na Relación de Postos de Traballo o posto ao que se lle adscriba.

Os aspirantes incluídos na bolsa de traballo que sexan nomeados funcionarios interinos, una vez rematada a interinidade, voltarán a mesma na orde que lles correspondía inicialmente na bolsa de traballo.

O aspirante que formando parte da bolsa de traballo sexa chamado para o seu nomeamento e renunciase o mesmo, será relegado a última posición na mesma. A renuncia o nomeamento por causa xustificada (estar traballando, facendoo constar de xeito fehaciente, ou enfermidade debidamente



xustificada) determinará que non se perda a orde na bolsa de traballo procedéndose o chamamento do seguinte aspirante na orde da bolsa de traballo.

VII.—PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación das bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e os restantes anuncios no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

VIII.—DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.—As bases da convocatoria e cuntos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.—Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a súa publicación.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán interpoñer Recurso potestativo de Reposición perante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes dende a súa publicación. Neste caso, non se poderá interpoñer Recurso Contencioso – Administrativo ata a resolución expresa ou presunta do Recurso de Reposición, de acordo co previsto nos art.116 e 117 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I

TEMARIO

Tema 1.—A Constitución Española de 1978: os dereitos e os deberes fundamentais.

Tema 2.—A Organización territorial do Estado español. A organización municipal: órganos e Competencias.

Tema 3.—Nocións básicas de seguridade e hixiene no traballo. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.

Tema 4.—Exixencias básicas HS4 e HS5 no Código Técnico da Edificación..

Tema 5.—Tubos e aceiro e ferro. Accesorios, corte e roscado.

Tema 6.—Tubos de cobre: tipos, cortes, unións, accesorios e soldaduras.

Tema 7.—Tubos de plástico: tipos, cortes, unións, accesorios e soldaduras. Tubos e plásticos, PVC, Polietileno, Polipropileno: cortes, unións con diferentes tipos de tubos.

Tema 8.—Soldadura: procedementos en xeral, elementos e maquinaria.

Tema 9.—Desagües, redes verticais e horizontais, esquemas e rexistros.

Tema 10.—Instalacións de fontanería en edificios públicos. Ferramentas do fontaneiro. Sistema de medida inglesa e métrico.

ANEXO II: MODELO DE INSTANCIA

D/a _____, con DNI número _____, e enderezo en (Rúa /Lugar) _____ (Localidade) _____ (Municipio) _____ (Código Postal) _____, e nº de teléfono _____

EXPÓN:

Que enterado/a da convocatoria de probas selectivas para a formación dunha bolsa de emprego de Oficial Fontaneiro.

MANIFESTA:

1.—que coñece as bases e os criterios de selección de esta convocatoria e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na mesma.

2.—que achega a seguinte documentación esixida na base III:

fotocopia do documento acreditativo da miña identidade.

Fotocopia do Título académico esixido para o ingreso.

Carta de pagamento acreditativa de ter ingresado a cantidade de 18,03 euros en concepto de dereitos de exame.

No seu caso, fotocopia do certificado acreditativo dos coñecementos da lingua galega.

Méritos alegados na fase de concurso e xustificación dos mesmos.

Por todo elo,

SOLICITA

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada en tempo e forma a presente solicitude, e na súa virtude proceda a admitirme nas probas de selección antes referida.

Marín a _____ de _____ de 2010.

(Sinatura do aspirante)

De acordo co dispuesto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, informámosselle que os datos que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é o CONCELLO DE MARÍN con domicilio na Avda. de Ourense s/n, 36900 – Marín (Pontevedra) onde poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios deste Concello e na páxina web do mesmo – aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación – aos representantes dos traballadores, e as administracións públicas competentes.

Marín a 10 de marzo de 2011.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Veiga Soto.

2011003389

* * *